

PALABRA DE VIDA

Abril 2026

«Queda connosco, porque atardece» (Lc 24, 29).

A estrada que leva ao pobo de Emaús fálanos dun camiño que percorreron dous discípulos de Xesús. Desencantados dos soños, os proxectos e os momentos fortes dos días transcorridos co Mestre, volven á casa para renovar a vida que deixaran, a de antes do encontro con El. Transcorreron apenas tres días desde a súa crucifixión, e a desilusión, o medo e as dúbidas reinaban entre os seus seguidores.

Afastábanse de Xerusalén, do soño non realizado, distanciándose de Cristo e da súa mensaxe, tristes porque de certo xeito xa tomaran a decisión de abandonar o proxecto que os levaba a seguilo.

É a historia de todos nós cando nos desencantamos de situacións que nos plan-texan tomar unha decisión nas encrucilladas, e en moitos casos parécenos que a solución de volver atrás, renunciar e resignarnos é a única resposta ao noso malestar.

«A quen de nós non lle resulta familiar a pousada de Emaús? Quen non percorreu ese camiño unha tarde en que todo parecía perdido? Cristo morrera en nós... Xa non había ningún Xesús na terra»¹.

«Queda connosco, porque atardece».

Durante o camiño, un descoñecido únese aos dous e parece ignorar os acontecementos que acaban de ocorrer. Comeza a facer preguntas precisas, as cales desatan toda a amargura e o desalento. Primeiro escóitaos, e logo comeza a explicar as Escrituras: é todo un diálogo, un encontro que deixa pegada; de modo que, aínda que todavía non recoñeceron a Xesús, róganlle que quede con eles porque cae a tarde (cf. Lc 24, 17-29).

Esta é quizá una das oracións máis fermosas que atopamos no Evanxeo. É a primeira oración que se eleva dos discípulos ao Resucitado, e é conmovedora esta invitación que todos podemos dirixirlle para que El quede connosco e entre nós.

Os ollos dos dous discípulos abríranse ao partir o pan, e a alegría de telo recoñecido por fin, animaraos a volver a Xerusalén para anunciar aos seus amigos o evento da resurrección.

«Queda connosco, porque atardece».

«Quizá nada mellor que estas palabras explica a experiencia de vivir con Xesús no medio, que as focolarinas fixemos dende o principio –escribe Chiara Lubich–. Xesús é sempre Xesús, e aínda que estea presente só espiritualmente, cando está, explica as Escrituras e arde no

¹ François Mauriac, *Vita di Gesù*, Mondadori, Milán 1950, p. 156

corazón a súa caridade: a vida. Cando o coñecemos, lévanos a dicir con infinita nostalxia: “Queda connosco, Señor, porque atardece”; sen ti é noite escura [...]²».

A noite é símbolo das tebras, do descoñecido, da falta desa luz que non somos quen de atopar porque non cremos na súa presenza, que segue acompañando-nos sempre.

A noite é a que envolve ao noso planeta, ferido e aldraxado por loitas fraticidas, por guerras que seguen sendo organizadas pola ambición de poder e de diñeiro.

A noite é a que viven millóns de persoas que xa non teñen voz para gritar as injustizas e os abusos.

E nós como podemos darnos conta da presenza de Xesús, que non sempre se manifesta segundo as nosas expectativas? Como entender que El camiña connosco e trata de facer que recoñezamos os signos da súa presenza? E sobre todo, como crear as condicións para que se manifeste e quede connosco?

Son preguntas ás que quizá non sempre saibamos dar resposta, pero que nos piden que non deixemos de buscar a Xesús, que concentremos a mirada nun compañeiro de viaxe ao que moitas veces non vemos, que recoñezamos a Aquel que pode facerse presente se vivimos entre nós o amor mutuo.

O camiño de Emaús é símbolo de todos os nosos camiños, é o camiño do encontro co Señor, é o camiño que nos devolve a alegría do corazón, que nos leva de novo á comunidade para dar testemuño xuntos de que Cristo resucitou.

Patrizia Mazzola e o equipo da Palabra de Vida

² C. Lubich, *Todos uno. Escritos espirituales/3*, Ciudad Nueva, Madrid 1998, p. 70.